



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA-URXENTE, NÚMERO CATROCENTOS DEZANOVE, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DIA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE

Na Casa Consistorial de Poio, ás oito horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Celeste Nieto García, D^a. M^a Irene Ligerio Iglesias, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores e D^a. Rosa Fernández González; actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos como delegada da Xunta Electoral de Zona. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria urxente correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3220.- RATIFICACION DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- De conformidade co disposto no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se presta aprobación ao Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, procédese como primeiro punto da orde do día a elevar á consideración do Pleno a ratificación da urxencia do punto incluído na orde do día, dada as comunicacións recibidas pola Xunta Electoral de Zona pola que se aceptan as excusas presentadas por distintos membros das mesas electorais segundo a composición fixada ao chou polo Pleno en sesión extraordinaria realizada o 2, 17 e 25 de febreiro de 2009, sendo necesario proceder a efectuar novos nomeamentos e practicar as notificacións. Sometido a votación ordinaria,

e polo voto favorable dos oito membros presentes sendo dezasete o seu número legal, o Pleno acordou ratificar a urxencia da convocatoria.

3221.- ACTO DO SORTEO PÚBLICO DE NOVO NOMEAMENTO DE MESAS ELECTORAIS QUE PARTICIPARÁN NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALIZA QUE SE REALIZARÁN O 1 DE MARZO DE 2009 TRAS AS EXCUSAS PRESENTADAS E ADMITIDAS POLA XUNTA ELECTORAL DE ZONA.- Polo Presidente declárase aberta a sesión, tralo que se da conta da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 2/1980, de 18 de xaneiro; 5/1985, de 19 de xuño; 8/1991, de 13 de marzo, 6/1992, de 2 de novembro, e 13/94, de 30 de marzo, 3/1995 do 23 de marzo, Real Decreto 489/1995, de 3 de abril polo que se ditan normas reguladoras dos procesos electorais, e Decreto 605/1999, 16-4, de regulación complementaria dos procesos electorais.

De conformidade co artigo 26 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral: 1).- A formación das Mesas compete ós Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona. 2).- O Presidente e os Vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na mesa da sección correspondente, que sexan menores de 65 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grao, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente. 3).- Procédese da mesma forma o nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa. O artigo 25 da devandita Lei sinala que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais.

A documentación existente neste Concello consiste en copias do Censo Electoral Ordinario, referido ao 31 de outubro de 2008, confeccionado pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con lista de electores referidos ás Mesas dos Distritos e Seccións do termo municipal de Poio, Distrito Primeiro, Seccións 1ª a 6ª; Distrito Segundo, Seccións 1ª a 3ª, cun total de vinte e dúas mesas electorais, divididas por orde alfabético xeral.

Os sistemas informativos actuais permiten, a realización dun sorteo eficaz, rápido e transparente, seleccionando aos electores que reúnan as condicións específicas a cada caso, sen necesidade da previa selección mediante a confección de listados por separado para presidentes e outros para vogais, ao facilitar a Oficina do

Censo Electoral, o soporte magnético do Censo Electoral por Seccións.

Notificados os nomeamentos ós membros das mesas electorais correspondentes ao sorteo electuado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada con data 2, 17 e 25 de febreiro de 2009, conforme a devandita lei orgánica, presentáronse e admitíronse excusas a tal nomeamento pola Xunta Electoral de Zona, debendo a requerimento desta efectuar novo sorteo para cubrir tales postos. Para os efectos de non impedir o normal funcionamento dos servizos xerais administrativos do Concello, os novos listados servirán de reserva para as novas excusas que sexan aceptadas procedendo a efectuar os chamamentos en función do posto e cargo reflexado nos listados.

Realizado o sorteo para as mesas excusadas, os funcionarios/as, mediante o sistema informático, localizan aos electores que deben forma-las mesas electorais de conformidade co sorteo efectuado cubrindo os impresos oficiais que se remitirán á Xunta Electoral de Zona, asinados polo Sr. Presidente e Secretaria.

Seguidamente a Secretaria da lectura ao resultado do sorteo indicando os nomes e apelidos dos electores que deberán formar todas e cada unha das Mesas Electorais. O Pleno da Corporación considera correcto o sorteo efectuado sen formular ningunha observación, polo que lle presta conformidade, dispoñendo sexa remitido o resultado á Xunta Electoral de Zona.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás oito horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.